NARÓN

Datos Do Expediente:

PROCEDEMENTO NEGOCIADO		
Unidade Tramitadora:		
Contratacion e Obras Publicas – IMG		
Número expediente:	Documento:	
CON/21/2015	CONZI0A4	
3E2Y0K271C2Q1V1C0R24		

CARÁTULA DO PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES QUE REXERÁ O CONTRATO DE FORNECEMENTO DE MATERIAL ELECTRICO PARA MANTEMENTO DAS INSTALACIÓNS MUNICIPAIS MEDIANTE PROCEDEMENTO NEGOCIADO SEN PUBLICIDADE.

Punto 1. PODER ADXUDICADOR

Administración contratante: Concello de Narón

Punto 2. OBXECTO DO CONTRATO, NECESIDADES ADMINISTRATIVAS A SATISFACER MEDIANTE O CONTRATO E ESPECIFICACIÓN DE SE O CONTRATO SE ATOPA SUXEITO A REGULACIÓN HARMONIZADA

2.1 Obxecto: Fornecemento de material eléctrico de iluminación pública e edificios.
Necesidades administrativas a satisfacer mediante o contrato: fornecemento de todo tipo de material eléctrico utilizado polo Concello para as reparacións, mantemento e conservacións das instalacións eléctricas.

2.2 Nomenclatura CPV: 31000000-6 Máquinas, aparatos, equipo e produtos consumibles eléctricos; iluminación

2.3 Lotes: Non

2.4 Regulación Harmonizada: Non

Punto 3. ORZAMENTO DO CONTRATO

3.1. ORZAMENTO DE LICITACIÓN

Tipo de licitación

Orzamento Base: 59.980,00 euros

IVE: 12.595,80 euros

Total: 72.575,80

3.2. VALOR ESTIMADO DO CONTRATO

CONCELLO DE NARÓN
Praza de Galicia, s.n. · 15570 · Narón · A Coruña · CIF: P 1505500 G · Tel.: 981 337700 · Fax: 981337701 · www.naron.es

Para os efectos do establecido no artigo 88 do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro polo que se aproba o Texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, o valor estimado do contrato, IVE excluído, é o seguinte:

3.2.1. Orzamento máximo: 59.980,00 €

3.2.2. Eventuais prórrogas: 0 €

3.2.3. Importe das modificacións: 0 €

3.2.4. TOTAL: 59.980,00 €

3.2.5. IVE 12.595,80

3.2.6. Total 72.575,80

Punto 4. FINANCIAMENTO

Existe creto suficiente no orzamento municipal aprobado para os anos 2.015, nas aplicacións: Anualidades

Exercicio	Aplicacións	Contía
2015	18016500 21000	41.717,20
	18 93300 21200	3.333,33
	07 32300 21200	3.333,33

Punto 5. CRITERIOS OBXECTIVOS QUE SERVIRÁN DE BASE PARA A ADXUDICACIÓN

Prezo

Punto 6. XUSTIFICACIÓN DO PROCEDEMENTO NEGOCIADO

Por ser o orzamento do contrato inferior ás cantidades indicadas no articulo 177.2 do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro polo que se aproba o Texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público.

Punto 7. PRAZO DE ENTREGA

Mantemento Non
Prazo 48 horas.

Punto 8. ASPECTOS OBXECTO DE NEGOCIACIÓN DO CONTRATO

- Porcentaxe de baixa media aos prezos contemplados no Anexo I do prego de cláusulas técnicas

Punto 9. PRÓRROGA DO CONTRATO

Este contrato non se prorrogará en ningún caso

CONCELLO DE NARÓN
Praza de Galicia, s.n. · 15570 · Narón · A Coruña · CIF: P 1505500 G · Tel.: 981 337700 · Fax: 981337701 · www.naron.es

Punto 10. VARIANTES OU ALTERNATIVAS QUE PODE PRESENTAR O LICITADOR E REQUISITOS E MODALIDADES DE PRESENTACIÓN DE VARIANTES

Non procede.

Punto 11. EXISTENCIA DE LOTES

Non procede.

Punto 12. GARANTÍAS

PROVISORIA: Non procede

COMPLEMENTARIA: Non procede

DEFINITIVA (5% do prezo máximo do contrato): 2.999,00 €

Autorízase a constitución da garantía mediante retención de prezo: Non

Punto 13. CLASIFICACIÓN NECESARIA PARA CONTRATAR COA ADMINISTRACIÓN

Non procede

Punto 14. CRITERIOS DE SELECCIÓN DO CONTRATISTA

1. Solvencia económica e financeira da empresa
2. Solvencia técnica ou profesional

Punto 15. FORMA DE PAGO

Contra factura de fornecemento efectuado.

Punto 16. ABONOS A CONTA POR OPERACIÓNS PREPARATORIAS

Non procede

Punto 17. PRAZO DE GARANTÍA

A garantía definitiva e complementaria será devolta ao contratista transcorridos un mes do remate do contrato e previo informe favorable dos servizos técnicos.

Punto 18. PENALIDADES CONTRACTUAIS

Penalidades por incumprimento do contido da proposta de adxudicación: a rescisión do contrato e a incautación das garantías definitiva.

Punto 19. REVISIÓN DE PREZOS

Non procede

CONCELLO DE NARÓN
Praza de Galicia, s.n. · 15570 · Narón · A Coruña · CIF: P 1505500 G · Tel.: 981 337700 · Fax: 981337701 · www.naron.es

Punto 20. SUBCONTRATACIÓN

Non procede

Punto 21. CONDICIÓNS ESPECIAIS DE EXECUCIÓN DE CONTRATO

Ningunha

Punto 22. MODIFICACIÓNS DO CONTRATO

Unha vez perfeccionado o contrato, só poderá ser modificado por razóns de interese público cando as circunstancias e cos límites previstos no artigo 107 do TRLCSP.
En ningún caso poderase modificar o contrato co fin de engadir prestacións complementarias ás inicialmente contratadas, ampliar o obxecto do contrato a fin de que poida cumprir finalidades novas non contempladas na documentación preparatoria do mesmo, ou incorporar unha prestación susceptible de utilización ou aproveitamento independente.

CONCELLO DE NARÓN
Praza de Galicia, s.n. · 15570 · Narón · A Coruña · CIF: P 1505500 G · Tel.: 981 337700 · Fax: 981337701 · www.naron.es

PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES QUE REXERÁ O CONTRATO DE FORNECEMENTO DE MATERIAL ELECTRICO PARA MANTEMENTO DAS INSTALACIÓNS MUNICIPAIS MEDIANTE PROCEDEMENTO NEGOCIADO SEN PUBLICIDADE.

1.- **RÉXIMEN XURÍDICO**.

O presente contrato de subministracións rexerase polas cláusulas contidas neste Prego de Bases, polo establecido no Prego de Prescricións Técnicas, polo texto refundido da Lei 30/2007 de Contratos do Sector Público (en diante TRLCSP), polo R.D. 817/2009 de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007 de Contratos do Sector Público e polo R.D. 1098/2001 de 12 de outubro polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (en diante RXLCAP), no que non contradiga o disposto no TRLCSP e o R.D. 817/2009 de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei de Contratos do Sector Público e demais disposicións que sexan de aplicación. Supletoriamente aplicaranse as restantes normas de dereito administrativo e, na súa falta, as normas de dereito privado

2.- **OBXECTO DO CONTRATO**.

Será obxecto deste contrato a SUBMINISTRACIÓN DE DIVERSO MATERIAL ELÉCTRICO, co gallo de atender as posibles incidencias que xurdan nas instalacións municipais e de iluminación pública.

O empresario obrígase a entregar os bens de forma sucesiva, polo prezo unitario que resulte do contrato, sen que a contía total destes se defínan con exactitude ao tempo de celebrarse o contrato, quedando subordinado ás necesidades da Administración (Art. 9.3 a) do TRLCSP)

Os bens deberán axustarse ás características fixadas previamente pola Administración no Prego de Prescricións Técnicas, aínda que as referencias que se fan respecto de marcas sono a título orientativo podendo trocarse por outras de características semellantes.

Este contrato correspóndese coa seguinte rúbrica do Vocabulario Común de Contratos Públicos (CPV) : 31000000-6

3.- PRAZO DE EXECUCIÓN

O prazo de execución será desde a formalización do contrato ata esgotar o orzamento do mesmo e en todo caso non excederá dun ANO desde a data de formalización referida.

4.- ORZAMENTO E EXISTENCIA DE CRÉDITO

O orzamento máximo autorizado para a contratación é de cincuenta e nove mil novecentos oitenta euros, I.V.E. excluído (59.980,00).

O importe do I.V.E. ascende a doce mil cincocentos noventa e cinco con oitenta céntimos (12.595,80 €).

O valor estimado do contrato ascende a cincuenta e nove mil novecentos oitenta euros, I.V.E excluído (59.980,00).

O valor estimado do contrato, ao ser unha subministración con carácter de periodicidade, obtívose de acordo co establecido no art. 88.5.a do TRLCSP.

As ofertas que excedan do prezo máximo ou dos prezos unitarios fixados pola Administración, ou sexan incorrectamente formuladas, serán rexeitadas.

O crédito preciso para atender as obrigacións económicas que se deriven do cumprimento pola Administración do contrato, figura consignado baixo a numeración económica 18.16500.21000, 18.93300.21200 e 07.32300.21.200 do orzamento de 2015

5.- PREZO DO CONTRATO E REVISIÓN DE PREZOS.

O prezo do contrato será o ofertado polo contratista que resulte adxudicatario.

As ofertas que presenten os empresarios deberán comprender ademais do transporte, os gastos, taxas e impostos que sexan de aplicación a excepción do I.V.E., que se reflectirá como partida independente

Os prezos das subministracións comprendidas non serán obxecto de revisión, dado o seu prazo de execución.

Neste prezo estarán incluídos todos os gastos que se orixinen para o adxudicatario como consecuencia do cumprimento das obrigas contempladas nos pregos.

II.-PROCEDEMENTO PARA CONTRATAR

6. PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN

A adxudicación do presente contrato levarase a cabo por procedemento negociado, de conformidade co previsto nos artigos 169 a 178 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, por tratarse do suposto contemplado no artigo 173.f da mesma.

Os criterios que han de servir de base para a adxudicación do contrato relacionados por orde decrecente de importancia e pola ponderación que se lles atribúe son o seguintes:

Prezo.

A negociación cos participantes poderá versar sobre calquera aspecto económico, técnico e/ou loxístico referido estritamente ao obxecto do contrato.

7.- CAPACIDADE E PROHIBICIÓNS PARA CONTRATAR.

Poderán contratar coa Administración as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras, que teñan plena capacidade de obrar, non estean incursas nunha prohibición de contratar e acrediten a súa solvencia económica, financeira e técnica ou profesional.

CONCELLO DE NARÓN
Praza de Galicia, s.n. · 15570 · Narón · A Coruña · CIF: P 1505500 G · Tel.: 981 337700 · Fax: 981337701 · www.naron.es

En ningún caso poderán contratar coa Administración as persoas físicas/xurídicas nin ningún dos seus administradores ou representantes en quen concorra algunha das circunstancias que se detallan no Art. 60 do TRLCSP.

8. PRESENTACION DAS PROPOSICIÓNS E NEGOCIACION COS PARTICIPANTES

O expediente desta contratación, así como a documentación técnica unida ao mesmo, poderá ser examinada no Departamento de Contratación desta Administración, de 8 a 14 horas, todos os días hábiles durante o prazo de presentación de proposicións indicado no escrito de invitación.

As devanditas proposicións presentaranse nun sobre pechado no que figurará a inscrición "PROPOSICION PARA TOMAR PARTE NA CONTRATACIÓN POR PROCEDEMENTO NEGOCIADO DE SUBMINISTRACIÓN DE MATERIAL ELECTRICO PARA O CONCELLO DE NARON", que conteña os seguintes documentos:

1.- Proposición económica axustada ao modelo establecido no Anexo VI.

2.- A achega inicial da documentación administrativa que se establece nos apartados seguintes substituirase pola presentación da declaración responsable.

DECLARACIÓN RESPONSABLE (segundo modelo que figura como Anexo V que incluirá:

- Declaración de cumprimento das condicións esixidas legalmente e neste prego para contratar.

- Declaración relativa á pertenza a grupo empresarial.

- En caso de constituír unha unión de empresarios: Declaración de compromiso de constitución en U.T.E. indicando os nomes e circunstancias dos que a subscriben, a porcentaxe de participación de cada un deles e persoa que durante a vixencia do contrato ostentará a plena representación de todos ante a Administración.

- En caso de esixencia da solvencia esixida con medios externos: Declaración de dispoñibilidade dos recursos e medios externos invocados.

- Documentación que se anexará á Declaración Responsable, no seu caso:

  - Documentación de compromiso de UTE.

  - Documento subscrito polas partes que acredite que terá efectivamente á súa disposición para o contrato os recursos e medios externos invocados.

Cando o órgano de contratación así o requira, deberase presentar a **"Documentación Administrativa",** que constará dos seguintes documentos**:**

1.- Acreditación da personalidade e capacidade de obrar.

CONCELLO DE NARÓN
Praza de Galicia, s.n. · 15570 · Narón · A Coruña · CIF: P 1505500 G · Tel.: 981 337700 · Fax: 981337701 · www.naron.es

Copia compulsada ou contrastada do Documento Nacional de Identidade, cando se trate de persoas naturais.

Se se trata de persoa xurídica, escritura de constitución ou modificación, debidamente inscrita, no seu caso, no Rexistro Mercantil, cando este requisito fora esixible conforme á lexislación mercantil que lle sexa aplicable. Se non o for, a acreditación da capacidade de obrar realizarase mediante a escritura ou documento de constitución, estatutos ou acto fundacional, no que constaren as normas polas que regula a súa actividade, inscritos, no seu caso, no correspondente Rexistro Oficial

Os que comparezan e asinen proposicións en nome doutro deberán presentar, ademais de copia do documento nacional de identidade, apoderamento bastante para representar á persoa ou entidade en cuxo nome se actúe.

En particular, se se trata de sociedades mercantís, deberán presentar a documentación acreditativa dos poderes por algunha destas modalidades:

Se o asinante da proposición actúa como apoderado específico da sociedade para o acto concreto deste procedemento, escritura notarial de apoderamento, que non necesita inscribirse no Rexistro Mercantil.

Se o asinante da proposición é administrador da sociedade con facultades delegadas de representación ou apoderamento de carácter xeral: escritura notarial de delegación de facultades ou apoderamento e certificación actualizada do Rexistro Mercantil acreditativa da vixencia das súas facultades ou poderes.

As empresas licitadoras non españolas deberán presentar os seguintes documentos:

a) Empresas non españolas de estados membros da Comunidade Europea ou signatarios do Acordo sobre o Espazo Económico Europeo.

- Acreditación da súa inscrición nun Rexistro profesional ou comercial, ou presentación das certificacións que se indican no Anexo I, do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas.

b) Restantes empresas estranxeiras.

Deberán acreditar a súa capacidade de obrar mediante informe expedido pola Misión Diplomática Permanente ou Oficina consular de España do lugar do domicilio da empresa, no que se faga constar que figuran inscritas no Rexistro local, profesional comercial ou análogo ou, na súa falta, que actúan a cotío no tráfico local no ámbito das actividades a que se estende o obxecto do contrato.

Ademais, deberán xustificar mediante informe da respectiva Misión Diplomática Permanente Española que o Estado de procedencia da empresa estranxeira admite á súa vez a participación de empresas españolas na contratación coa Administración e cos Entes, Organismos ou Entidades do Sector Público asimilados aos enumerados en art. 3 do TRLCSP

CONCELLO DE NARÓN
Praza de Galicia, s.n. · 15570 · Narón · A Coruña · CIF: P 1505500 G · Tel.: 981 337700 · Fax: 981337701 · www.naron.es

en forma substancialmente análoga. Nos contratos suxeitos a regulación harmonizada prescindirase do informe sobre reciprocidade en relación coas empresas de Estados signatarios do Acordo sobre Contratación Pública da Organización Mundial de Comercio.

2.- Acreditación da solvencia económica, financeira e técnica:

a) Acreditación da solvencia económica e financeira (Art. 75 do TRLCSP): acreditarase mediante a presentación dunha DECLARACIÓN sobre o volume global de negocios mediante a presentación dunha declaración anual de operación con terceiros, referido aos tres últimos exercicios. Entenderase acreditada a solvencia económica se a declaración de menor importe nos tres últimos anos é superior ao duplo do prezo do contrato, ou, de tratarse de plurianuais da anualidade máxima do mesmo.

b) Acreditación da solvencia técnica (Art. 77 do TRLCSP). Acreditarase mediante:

Relación das principais subministracións semellantes ao obxecto do contrato, realizados no últimos cinco anos, indicando importe, datas e destinatario público ou privado dos mesmos. As subministracións realizadas acreditásense mediante certificados expedidos ou visados polo órgano competente cando o destinalo sexa unha entidade do Sector Público ou cando o destinatario sexa un comprador privado, mediante un certificado expedido por este ou, a falta deste certificado, mediante unha declaración do empresario. Así mesmo deberán achegar, polo menos, tres certificados de boa execución de subministracións similares ao obxecto do contrato.

3.- Declaración responsable do licitador, ou o seu representante legal na que se acreditará:

- Que a empresa está facultada para contratar co Sector Público, tendo plena capacidade de obrar, e que non se achan nin a persoa física/xurídica, nin os seus representantes ou administradores, comprendidos en ningunha das circunstancias ou prohibicións sinaladas no artigo 60 do TRLCSP.

- Que a empresa licitadora se atopa ao corrente no cumprimento das obrigacións tributarias e de Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes, sen prexuízo de que a xustificación acreditativa de tal requisito deba esixirse antes da adxudicación definitiva a quen resulte proposto adxudicatario.

4.- As empresas estranxeiras presentarán declaración de someterse á xurisdición dos Xulgados e Tribunais españois de calquera orde, para todas as incidencias que de modo directo ou indirecto puidesen xurdir do contrato, con renuncia, no seu caso, ao foro xurisdicional estranxeiro que puidese corresponder ao licitante.

5.- Se dous ou máis licitadores concorren ao procedemento constituíndose en agrupación temporal de empresas, por calquera dos medios admitidos en Dereito, cada un dos que a compoñen deberán xustificar a súa capacidade de obrar e a súa solvencia, conforme ao esixido nas letras precedentes, acumulándose a efectos da determinación da solvencia da unión temporal as características acreditadas para cada un dos integrantes da mesma.

CONCELLO DE NARÓN
Praza de Galicia, s.n. · 15570 · Narón · A Coruña · CIF: P 1505500 G · Tel.: 981 337700 · Fax: 981337701 · www.naron.es

Ademais, será necesario que os empresarios que desexen concorrer integrados na unión temporal indiquen os nomes e circunstancias dos que a constitúan, a participación de cada un deles, a persoa ou entidade que durante a vixencia do contrato ha de ostentar a plena representación de todos eles fronte á Administración e que asumen o compromiso de constituírse formalmente en unión temporal, caso de resultar adxudicatarios.

6.- No seu caso, aqueles documentos que acrediten a pertenza ao persoal da empresa dun número de traballadores discapacitados non inferior ao 2% da mesma ou aqueles que xustifiquen que se trata de empresa que ten no seu cadro de persoal traballadores en situación de exclusión social ou se trata de entidade sen ánimo de lucro.

Devanditos documentos poderán ser presentados polas empresas nas que concorra aquela circunstancia, advertíndose que se utilizarán exclusivamente para que sirvan de criterio preferente na adxudicación do contrato, en caso de igualdade na puntuación total da ofertas.

Aclaración de ofertas:

O Órgano de contratación poderá solicitar ao licitador aclaración sobre a oferta presentada ou se houber de corrixir manifestos erros materiais na redacción da mesma e sempre que se respecte o principio de igualdade de trato e sen que poida, en ningún caso, modificarse os termos da oferta. De todo o actuado deberá deixarse constancia documental no expediente.

Sucesión no procedemento:

Se durante a tramitación do procedemento e antes da adxudicación prodúcese a extinción da personalidade xurídica da empresa licitadora por fusión, escisión ou pola transmisión do seu patrimonio empresarial, sucederalle na súa posición no procedemento a sociedade absorbente, a resultante da fusión, a beneficiaria da escisión ou a adquirinte do patrimonio, sempre que reúna as condicións de capacidade e ausencia de prohibicións de contratar e acredite a solvencia nas condicións esixidas no presente prego para poder participar no procedemento de adxudicación.

As circunstancias sinaladas nos puntos 1 e 3 anteriores poderán acreditarse mediante unha certificación do Rexistro Oficial de Contratistas da Deputación Provincial, Xunta de Galicia ou do Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado. Á referida certificación deberá achegarse unha declaración responsable do licitador na que manifeste que as circunstancias reflectidas no correspondente certificación non experimentou variación ningunha.

A documentación esixida poderase presentar en orixinal ou copia da mesma, debidamente compulsada ou autenticada por esta Administración ou por notario.

Vencido o prazo de presentación de proposicións, abriranse os sobres que as conteñen e examinarase a documentación achegada. Coas empresas finalmente admitidas abrirase a fase de negociación en base aos aspectos económicos, técnicos ou loxísticos referidos ao contrato e que se especifican neste prego de cláusulas.

CONCELLO DE NARÓN
Praza de Galicia, s.n. · 15570 · Narón · A Coruña · CIF: P 1505500 G · Tel.: 981 337700 · Fax: 981337701 · www.naron.es

Os participantes que modificaran as súas ofertas como consecuencia da negociación producida, deberán presentar as súas ofertas finais para que se poida proceder a identificación e selección da oferta economicamente máis vantaxosa, elevándose o expediente ao órgano de contratación para levar a cabo a adxudicación do contrato, na que se concretarán e fixarán os termos definitivos do mesmo.

No caso de proposicións igualmente vantaxosas (igual puntuación ata dous decimais) para a preferencia da adxudicación aplicarase o disposto na Disposición Adicional Cuarta do TRLCSP.

9.- Clasificación e proposta de adxudicación

Clasificación das ofertas:

Para os efectos de determinar a proposición economicamente máis vantaxosa, o servizo propoñente da contratación elaborará un informe no que clasifique as ofertas dos licitadores segundo o resultado da negociación que elevará ao órgano de contratación. O Órgano de contratación, á vista da proposta formulada, cualificará por orde decrecente as ofertas presentadas.

10.- Presentación da documentación

O Órgano de contratación unha vez cualificadas as ofertas, requirirá ao licitador que presentase a oferta economicamente máis vantaxosa, para que no prazo de 7 días hábiles a contar desde o seguinte a aquel no que recibise o requirimento, presente a documentación, en orixinal ou copia debidamente compulsada, relacionada na cláusula 8 deste prego.

Se se observasen defectos ou omisións emendables na referida documentación, comunicarase ao interesado, a través dos medios que o licitador indicase, concedéndolle un prazo non superior a tres días hábiles para a súa emenda.

No prazo de 10 días hábiles a contar desde o seguinte a aquel no que recibise o requirimento:

1.- Certificados acreditativos de atoparse ao corrente nas súas obrigacións tributarias e de Seguridade Social.

2.- Cando se exerzan actividades suxeitas ao Imposto sobre Actividades Económicas: Alta, referida ao exercicio corrente, ou último recibo, xunto cunha declaración responsable de non terse dado de baixa na matrícula do citado Imposto e, no seu caso, declaración responsable de atoparse exento.

3.- Constitución da garantía definitiva que, no seu caso, sexa procedente.

O servizo xestor procederá a verificar o cumprimento da documentación achegada.

De non cumprimentarse axeitadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderase que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose nese caso para solicitar a mesma documentación ao licitador seguinte, pola orde en que quedasen clasificadas as ofertas.

CONCELLO DE NARÓN
Praza de Galicia, s.n. · 15570 · Narón · A Coruña · CIF: P 1505500 G · Tel.: 981 337700 · Fax: 981337701 · www.naron.es

O licitador incorrerá en prohibición de contratar, de conformidade co previsto no artigo 60.1.e) TRLCSP, se incorrese en falsidade ao efectuar as declaracións responsables sobre a súa capacidade, representación e solvencia. O licitador que non cumprimente o establecido neste apartado dentro do prazo sinalado mediando dolo, culpa ou neglixencia poderá ser declarado en prohibición de contratar segundo o previsto no artigo 60. 2. d) TRLCSP.

11.- Garantía

Garantía definitiva

A garantía definitiva que figura no apartado 12 do cadro resumen poderá constituírse en calquera das formas previstas nos artigos 96.1 TRLCSP e 55 e seguintes do RXLCAP. Se así se prevé no citado apartado da carátula poderá constituírse mediante retención no prezo.

No caso de que se fagan efectivas sobre esta garantía as penalidades ou indemnizacións esixibles ao adxudicatario, este deberá repoñer ou ampliar aquela en a contía que corresponda no prazo de quince días naturais desde a execución, incorrendo en caso contrario en causa de resolución.

Cando como consecuencia dunha modificación do contrato experimente variación o seu prezo, deberá reaxustarse a garantía, para que garde a debida proporción co novo prezo modificado, no prazo de quince días naturais contados desde a data en que se notifique ao empresario o acordo de modificación.

12.- RENUNCIA OU DESESTIMENTO DO PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN POLA ADMINISTRACIÓN

Renuncia á celebración do contrato e desestimento

O órgano de contratación non poderá declarar deserta unha licitación cando exista algunha oferta ou proposición que sexa admisible de acordo cos criterios que figuren no prego.

A renuncia á celebración do contrato ou o desestimento do procedemento nos termos do artigo 155 TRLCSP só poderán acordarse polo órgano de contratación antes da adxudicación notificándoo aos licitadores.

13.- ADXUDICACIÓN

O órgano de contratación deberá adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación á que se refire a cláusula 10 deste prego.

A adxudicación, que será motivada, concretará e fixará os termos definitivos do contrato, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil do contratante.

CONCELLO DE NARÓN
Praza de Galicia, s.n. · 15570 · Narón · A Coruña · CIF: P 1505500 G · Tel.: 981 337700 · Fax: 981337701 · www.naron.es

A notificación conterá a información necesaria que permita ao licitador excluído interpoñer recurso suficientemente fundado contra a decisión de adxudicación, e en particular a esixida polo artigo 151.4 TRLCSP.

En todo caso, na notificación e no perfil de contratante indicarase o prazo en que debe procederse á súa formalización conforme ao disposto no artigo 156.3 TRLCSP.

A notificación farase por calquera dos medios que permiten deixar constancia da súa recepción polo destinatario.

Será de aplicación á motivación da adxudicación a excepción de confidencialidade contida no artigo 153 TRLCSP.

En todo caso, na notificación e no perfil de contratante indicarase o prazo en que debe procederse á súa formalización conforme ao disposto no artigo 156.3 TRLCSP.

Esta adxudicación poderá ser recorrida de acordo co previsto nos artigos 107 e seguintes da Lei 30/1992 de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

14.- FORMALIZACIÓN DO CONTRATO

O contrato deberá formalizarse en documento administrativo que se axuste con exactitude ás condicións da licitación, constituíndo devandito documento título suficiente para acceder a calquera rexistro público. Con todo, o contratista poderá solicitar que o contrato se eleve a escritura pública, correndo do seu cargo os correspondentes gastos. En ningún caso poderanse incluír no documento en que se formalice o contrato cláusulas que impliquen alteración dos termos da adxudicación.

O contrato perfecciónase coa súa formalización e en ningún caso poderá iniciarse a execución do contrato sen a súa previa formalización.

Previamente á sinatura do contrato, o representante do adxudicatario deberá presentar ante o Órgano de Contratación:

1.-Os documentos que acrediten a súa identidade e representación

2.-Se o adxudicatario fose unha Unión Temporal de Empresas, escritura pública da súa constitución, CIF asignado e nomeamento de representante con poder suficiente.

3.-Se se presentou Certificado expedido polo Rexistro de Licitadores da Comunidade Autónoma de Galicia, da Deputación Provincial de A Coruña ou do Estado, o adxudicatario deberá reiterar no contrato a vixencia das circunstancias que motivaron a súa expedición.

15.- PRAZO DE FORMALIZACIÓN

CONCELLO DE NARÓN
Praza de Galicia, s.n. · 15570 · Narón · A Coruña · CIF: P 1505500 G · Tel.: 981 337700 · Fax: 981337701 · www.naron.es

A formalización do contrato deberá efectuarse no prazo máximo de quince días hábiles contados desde o seguinte ao da recepción polo adxudicatario da notificación da adxudicación.

Se as causas da non formalización foren imputables á Administración, indemnizarase ao contratista dos danos e prexuízos que a demora lle puidese ocasionar.

16.- PUBLICIDADE DA FORMALIZACIÓN

Da formalización do contrato darase publicidade segundo o disposto no artigo 154 TRLCSP.

Dereitos e obrigacións das partes

17.- ABONOS AO CONTRATISTA

O pago da subministración efectuarase unha vez sexa entregado e recibido de conformidade, previa presentación de facturas ou documentos equivalentes, certificacións se son entregas parciais e acta de recepción cando cumpra. Para ese efecto, os contratistas deberán remitir a factura no prazo máximo de 30 días desde a recepción da subministración de conformidade. Se se observase que a factura presentada adoece dalgún requisito esixible, solicitarase a súa corrección sen que comece a computarse o prazo indicado no parágrafo seguinte ata a súa corrección.

No caso de subministracións de tracto sucesivo, as facturas deberanse remitir no prazo máximo de 10 días desde a recepción da subministración de que se trate.

As subministracións deberán abonarse no prazo máximo previsto no artigo 216 TRLCSP. De producise demora no pago, o contratista terá dereito a percibir os xuros de demora e a indemnización polos custos de cobro previstos nese mesmo artigo.

Se así se dispón no apartado 15 da carátula deste prego o pago do prezo da subministración poderá consistir na entrega de bens da mesma clase nos termos e condicións establecidos no artigo 294 TRLCSP e no Prego de Prescricións Técnicas.

18.- OBRIGAS DO CONTRATISTA.

Ademais das obrigas xerais derivadas do réxime xurídico do presente contrato, son obrigacións específicas do Contratista as seguintes:

18.1. Obrigas laborais, sociais, fiscais e de protección do medio ambiente

O contratista está obrigado ao cumprimento das disposicións vixentes en materia fiscal, laboral, de seguridade social, de integración social de persoas con discapacidade, de prevención de riscos laborais e de protección do medio ambiente que lles sexan de aplicación, así como aquelas que se establezan nos pregos que rexen nesta contratación.

CONCELLO DE NARÓN
Praza de Galicia, s.n. · 15570 · Narón · A Coruña · CIF: P 1505500 G · Tel.: 981 337700 · Fax: 981337701 · www.naron.es

O Órgano de contratación poderá sinalar no Prego de prescricións técnicas, o organismo ou organismos dos que os licitadores poidan obter a información pertinente relativa ás citadas obrigacións.

18.2. Obrigas do Contratista en supostos de subcontratación.
Se así está previsto no apartado 20 da carátula deste prego, o contratista poderá concertar a realización parcial da prestación cos requisitos e alcance que establece o artigo 227 TRLCSP.

A porcentaxe máxima que se pode subcontratar será o fixado no apartado 20 da carátula deste prego.

Así mesmo o Órgano de contratación poderá esixir dos licitadores que indiquen na súa oferta a parte do contrato que teñan previsto subcontratar, sinalando o seu importe e o nome ou perfil empresarial dos subcontratista (Artigo 227.2.a) TRLCSP).

A celebración de subcontratos polo contratista estará sometida ao cumprimento dos requisitos establecidos nos artigos 227 e 228 TRLCSP, así como ao réxime de prohibicións para contratar establecido na lei.

18.3. Obrigas relativas á xestión de permisos, licenzas e autorizacións

O contratista estará obrigado, salvo que o órgano de contratación decida xestionalo en por si mesmo e así llo faga saber de forma expresa, a xestionar os permisos, licenzas e autorizacións establecidas nas ordenanzas municipais e nas normas de calquera outro organismo público ou privado que sexan necesarias para o inicio, execución e entrega da subministración, solicitando da Administración os documentos que para iso sexan necesarios.

18.4. Gastos esixibles ao Contratista

O contratista está obrigado a abonar cantas licenzas, autorizacións e permisos procedan en orde a executar o contrato e entregar correctamente os bens obxecto de subministración. Tamén serán de conta do adxudicatario os gastos de entrega e transporte da subministración ao lugar especificado nos pregos ou no documento contractual.

18.5. Tributos

Tanto nas ofertas que formulen os licitadores como nas propostas de adxudicación entenderanse comprendidos para todos os efectos a totalidade dos tributos, de calquera índole, que graven os diversos conceptos, agás o Imposto sobre o Valor Engadido, que será repercutido como partida independente de acordo coa lexislación vixente.

18.6. Revisión de prezos.

Neste contrato, dadas as súas características, non se revisarán os prezos.

18.7. Sucesión na persoa do contratista

CONCELLO DE NARÓN
Praza de Galicia, s.n. · 15570 · Narón · A Coruña · CIF: P 1505500 G · Tel.: 981 337700 · Fax: 981337701 · www.naron.es

Nos casos de fusión, escisión, achega ou transmisión de empresas ou ramas de actividade das mesmas continuará o contrato coa entidade resultante, que ficará subrogada nos dereitos e obrigas dimanantes do mesmo, de producirse as condicións esixidas no artigo 85 TRLCSP.

É obrigación do contratista comunicar fielmente á Administración calquera cambio que afecte á súa personalidade xurídica, suspendéndose o cómputo dos prazos legalmente previsto para o abono das facturas correspondentes ata que se verifiquen os mesmos.
Se non puidese producirse a subrogación por non reunir a entidade á que se atribúa o contrato as condicións de solvencia necesarias, resolverase o contrato considerándose para todos os efectos como un suposto de resolución por culpa do contratista

Execución do contrato

19. CONDICIÓNS ESPECIAIS DE EXECUCIÓN.

Cando así se dispoña no apartado 21 da carátula, o órgano de contratación poderá establecer condicións especiais de execución do contrato, de acordo co establecido no artigo 118 TRLCSP, e cuxo incumprimento terá as consecuencias que no mesmo se establezan .

Así mesmo poderanse prever no apartado 18 da carátula, penalidades para o incumprimento das mesmas.

20. PRAZO

O prazo xeral de entrega será o que se fixa no apartado 7 da carátula ou o que resulte da adxudicación do contrato de acordo con a oferta presentada polo adxudicatario.

21. RESPONSABLE DO CONTRATO

En virtude do establecido no artigo 210 TRLCSP o Órgano de Contratación dirixirá a prestación do contrato.

O Órgano de Contratación poderá designar un responsable do contrato, persoa física ou xurídica vinculada ou non a aquel, coas funcións que establece o artigo 52 TRLCSP e atribúalle devandito órgano.

22. CONDICIONS DE INSTALACIÓN E PRESTACIÓNS COMPLMENTARIAS DA SUBMINISTRACIÓN.

O adxudicatario virá obrigado a realizar á súa costa todo tipo de operacións inherentes ás instalacións requiridas pola subministración, incluíndo os elementos auxiliares necesarios que pola súa escasa entidade e dificultade de definición previa non figuren expresamente na composición daquel, agás que o Prego de Prescricións Técnicas estableza outra cousa.

Se así se establece no Prego de Prescricións Técnicas a mercantil adxudicataria do contrato, levará a cabo os cursos de formación ou outras prestacións complementarias que sexan

CONCELLO DE NARÓN
Praza de Galicia, s.n. · 15570 · Narón · A Coruña · CIF: P 1505500 G · Tel.: 981 337700 · Fax: 981337701 · www.naron.es

necesarios para a adecuada utilización dos bens fornecidos. Todo iso, sen custo algún para o Órgano de Contratación.

23. PROGRAMA DE TRABALLO.

Se a Administración estima conveniente esixir un programa de traballo de acordo co establecido no Prego de Prescricións Técnicas, este será presentado polo empresario para a súa aprobación pola Administración ao mesmo tempo que se aproben os documentos da solución elixida, fixándose os prazos parciais correspondentes.

Cada vez que se modifiquen as condicións contractuais, o contratista queda obrigado á actualización e posta ao día deste Programa, seguindo as instrucións que a estes efectos reciba.

24. CUMPRIMENTO DE PRAZOS E PENALIDADES POR DEMORA.

O adxudicatario fica obrigado ao cumprimento do prazo de execución do contrato e dos prazos parciais fixados polo Órgano de Contratación. Caso de superarse o prazo establecido ou de incumprimento dos prazos parciais por causas imputables ao contratista estarase ao disposto nos artigos 212 e 213 TRLCSP.

A perda da garantía ou a imposición de penalidades non exclúen a indemnización por danos e prexuízos a que pode ter dereito o Órgano de Contratación orixinados pola demora do contratista.

En todo caso, a constitución en mora do contratista non requirirá intimación previa por parte do Órgano Contratante.

O importe das penalidades por demora deducirase das facturas ou certificacións e, no seu caso, da garantía cando non poidan deducirse dos mencionados documentos.

Cando se fagan efectivas sobre a garantía o contratista ficará obrigado a repoñer ou ampliar a mesma no prazo de quince (15) días desde a execución, incorrendo, en caso contrario en causa de resolución do contrato.

Tratándose de bens de fácil deterioración, cando o contratista non o forneza en prazo e no lugar pactado e o seu incumprimento obrigue ao Órgano Contratante a adquirir estes mesmos bens por outro procedemento, ao obxecto de manter atendidos os servizos públicos a cuxa satisfacción tende o presente contrato, impoñerase, ademais, unha penalidade ao adxudicatario equivalente ao maior custo que a mora ocasionase a aquel.

25. OUTRAS PENALIDADES

O cumprimento defectuoso das prestacións obxecto do contrato, o incumprimento dos compromisos de adscrición de medios, ou das condicións especiais de execución do contrato, ou o incumprimento dalgún dos criterios que serviron de base para a valoración das ofertas, dará lugar á imposición de penalidades.

CONCELLO DE NARÓN
Praza de Galicia, s.n. · 15570 · Narón · A Coruña · CIF: P 1505500 G · Tel.: 981 337700 · Fax: 981337701 · www.naron.es

26. MODIFICACIÓNS DO CONTRATO

Unha vez perfeccionado o contrato, o órgano de contratación só poderá introducir modificacións no mesmo por razóns de interese público, cando así se prevexa no apartado 22 da carátula ou nos supostos e cos límites establecidos no artigo 107 TRLCSP.

Estas modificacións serán en todo caso obrigatorias para o contratista e deberán ser acordadas polo órgano de contratación, previa tramitación do procedemento previsto no artigo 211 TRLCSP e 102 RGLCAP e formalizarse en documento administrativo con arranxo ao sinalado no artigo 156 TRLCSP, previo reaxuste da garantía definitiva no seu caso.

O contratista non terá dereito a reclamar indemnización algunha cando se produza supresión ou redución de unidades ou clases de bens, como consecuencia dunha modificación acordada segundo o previsto nesta cláusula (art. 296 TRLCSP).

Cada vez que se modifiquen as condicións contractuais, o Contratista queda obrigado á actualización do Programa de Traballo.

27. MODIFICACIÓNS PREVISTAS

Non se prevén causas que podan motivar a modificación deste contrato

28. MODIFICACIÓNS NON PREVISTAS

So poderán introducirse modificacións non previstas neste prego, por razóns de interese público cando se xustifique suficientemente a concorrencia dalgún ou varios dos supostos taxados do apartado 1º do artigo 107 TRLCSP, sempre que non se alteren as condicións esenciais da licitación e adxudicación. Só se poderán introducir as variacións estritamente indispensables para responder á causa obxectiva que a faga necesaria.

Para ese efecto, entenderase que se alteran as condicións esenciais da licitación e adxudicación nos supostos indicados no apartado 3º do artigo 107 TRLCSP.

29. SUSPENSIÓN DO CONTRATO

No caso de producirse unha suspensión do contrato aplicarase o disposto nos artigos 220 e 299 TRLCSP e artigo 103 do RGLCAP. Nos supostos de suspensión temporal, parcial, total ou definitiva levantarase acta de dicha suspensión.

30. RECEPCIÓN E PRAZO DE GARANTÍA

30.1. Recepción e liquidación

A recepción da subministración realizarase conforme ao disposto nos artigos 222, 292, 292, 297 e 298 TRLCSP. En todo caso, a súa constatación esixirá por parte da Administración un acto formal e positivo de recepción ou conformidade dentro do mes seguinte á entrega ou no prazo que se estableza no Prego de Prescricións Técnicas en función das características do contrato.

CONCELLO DE NARÓN
Praza de Galicia, s.n. · 15570 · Narón · A Coruña · CIF: P 1505500 G · Tel.: 981 337700 · Fax: 981337701 · www.naron.es

Así mesmo, poderán efectuarse recepcións parciais sobre aquelas partes do contrato susceptibles de ser ofrecidas por partes e utilizadas de forma independente.

O Órgano de Contratación poderá realizar ao tempo da recepción as comprobacións de calidade que estime convenientes.

30.2.-Prazo de garantía

O prazo de garantía será de un mes.

Se durante o devandito prazo acreditásese a existencia de vicios ou defectos ocultos nos bens entregados ou postos a disposición do órgano de contratación, este terá dereito a reclamar a corrección dos mesmos de conformidade co sinalado no artigo 298 TRLCSP.

30.3 Devolución da Garantía

Transcorrido o prazo de garantía indicado no apartado anterior sen que a Administración haxa formalizado ningún reparo, o contratista quedará relevado de toda responsabilidade por razón da subministración efectuada, procedéndose á devolución ou cancelación da garantía definitiva.

31. RESOLUCIÓN DO CONTRATO

Serán causa de resolución do contrato, as establecidas nos artigos 223 e 299 TRLCSP. A resolución contractual tramitarase con arranxo ao procedemento detallado no artigo 109 e seguintes do RGLCAP no prazo de seis meses contados desde a data de incoación do procedemento de resolución e producirá os efectos sinalados nos artigos 225 e 300 TRLCSP.

Ademais o contrato poderá ser resolto polo órgano de contratación cando se produzan incumprimento do prazo total ou dos prazos parciais fixados para a execución da subministración que faga presumiblemente razoable a imposibilidade de cumprir o prazo total, sempre que o órgano de contratación non opte pola imposición das penalidades sinaladas no artigo 212.4 TRLCSP.

No suposto de Unións Temporais de Empresas, cando algunha das integrantes se atope comprendida no suposto do artigo 223 a) e b) TRLCSP, a Administración estará facultada para esixir o cumprimento das obrigacións contractuais ao resto das empresas que constitúan a unión temporal ou acordar a resolución do contrato.

Con todo, cando as penalidades por incumprimentos acaden un múltiplo do 5 por 100 do prezo do contrato, o órgano de contratación estará facultado para poderá proceder á resolución do mesmo ou a acordar a continuidade da súa execución con imposición de novas penalidades.

O presente prego resulta axeitado ao ordenamento xurídico vixente, polo que se asina a conformidade co mesmo:

CONCELLO DE NARÓN
Praza de Galicia, s.n. · 15570 · Narón · A Coruña · CIF: P 1505500 G · Tel.: 981 337700 · Fax: 981337701 · www.naron.es

Asinado dixitalmente por:
O Xefe De Seccion De Contratacion
Ignacio Mazaira Garro
25/05/2015 11:05:00

Asinado dixitalmente por:
O Secretario Xeral
Alfonso de Prado Fernández-Canteli
25/05/2015 11:46:00

CONCELLO DE NARÓN
Praza de Galicia, s.n. · 15570 · Narón · A Coruña · CIF: P 1505500 G · Tel.: 981 337700 · Fax: 981337701 · www.naron.es

ANEXOS

CONCELLO DE NARÓN
Praza de Galicia, s.n. · 15570 · Narón · A Coruña · CIF: P 1505500 G · Tel.: 981 337700 · Fax: 981337701 · www.naron.es

ANEXO I.1

DECLARACIÓN RESPONSABLE DE VIXENCIA DOS DATOS ANOTADOS NO REXISTRO DE LICITADORES (Declaración de presentación obrigatoria xunto coa certificación de inscrición rexistral)

D/Dª_____ con DNI nº _____ en nome propio ou en representación da empresa inscrita no Rexistro de Licitadores co número en calidade de (1) ao obxecto de participar na contratación denominada_____convocada polo Concello de Narón, declara baixo a súa persoal responsabilidade:

A-Que os datos desta empresa que constan no Rexistro de Licitadores de _____non foron alterados en ningunha das súas circunstancias e que se corresponden coa certificación do Rexistro que se achega a esta declaración.

B-Que os datos desta empresa que constan no Rexistro de Licitadores referentes a:

1

2

3

4

sufriron alteración segundo acredítase mediante os documentos que se achegan á presente declaración e que estes extremos foron comunicados ao Rexistro con data ....., manténdose o resto dos datos sen ningunha alteración respecto do contido da certificación do Rexistro (2)

En_____ a,__.de_____de 20__. (SELO DA EMPRESA E SINATURA AUTORIZADA)

ASINADO: .....

1 Indíquese a representación que ostenta o declarante na empresa

2 As opcións A) e B) son incompatibles entre si, sinale soamente a que corresponda. Esta declaración deberá ser emitida por calquera dos representantes con facultades que figuren inscritos no Rexistro de Licitadores

CONCELLO DE NARÓN
Praza de Galicia, s.n. · 15570 · Narón · A Coruña · CIF: P 1505500 G · Tel.: 981 337700 · Fax: 981337701 · www.naron.es

ANEXO I.2

DECLARACIÓN RESPONSABLE DE NON ESTAR INCURSA A EMPRESA NAS PROHIBICIÓNS PARA CONTRATAR

D/Dª_____ con DNI nº_____ en nome propio ou en representación da empresa en calidade da o obxecto de participar na licitación do contrato denominado_____ convocado polo Concello de Narón, de acordo co establecido no artigo 146.1.c) do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, declara baixo a súa responsabilidade:

Que a citada empresa non está incursa nas prohibicións para contratar, conforme aos artigos 60 e 61 TRLCSP e áchase ao corrente do cumprimento das obrigacións tributarias co Estado e das obrigas coa Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes.

En _____ a ____ de_____ de 20__.

(SELO DA EMPRESA E FIRMA AUTORIZADA)

ASINADO:

CONCELLO DE NARÓN
Praza de Galicia, s.n. · 15570 · Narón · A Coruña · CIF: P 1505500 G · Tel.: 981 337700 · Fax: 981337701 · www.naron.es

ANEXO I.3

DECLARACION DE TER EN CONTA NA PRESENTACIÓN DA OFERTA AS OBRIGAS LEGAIS EN MATERIA LABORAL E AMBIENTAIS

D/Dª_____ con DNI nº_____ en nome propio ou en representación da empresa en calidade da o obxecto de participar na licitación do contrato denominado _____, convocado polo Concello de Narón declara baixo a súa responsabilidade:

Que na oferta presentada pola citada empresa tivéronse en conta as obrigas derivadas das disposicións vixentes en materia de protección do emprego, condicións de traballo e prevención de riscos laborais, e protección do medio ambiente..

En _____ a ____ de_____ de 20__.

(SELO DA EMPRESA E FIRMA AUTORIZADA)

ASINADO:

CONCELLO DE NARÓN
Praza de Galicia, s.n. · 15570 · Narón · A Coruña · CIF: P 1505500 G · Tel.: 981 337700 · Fax: 981337701 · www.naron.es

ANEXO Nº II

SOLVENCIA ECONÓMICA E FINANCEIRA E TÉCNICA

A solvencia económica e financeira e técnica ou profesional, acreditarase mediante a achega dos documentos a que se refiren os criterios de selección marcados.

ECONÓMICA E FINANCEIRA (artigo75.1 TRLCSP)

Acreditación da solvencia económica e financeira (Art. 75 do TRLCSP): acreditarase mediante a presentación dunha DECLARACIÓN sobre o volume global de negocios mediante a presentación dunha declaración anual de operación con terceiros, referido aos tres últimos exercicios.

Criterios de selección: Entenderase acreditada a solvencia económica se a declaración de menor importe nos tres últimos anos é superior ao duplo do prezo do contrato, ou, de tratarse de plurianuais da anualidade máxima do mesmo.

T É C N I C A (artigo 77 TRLCSP)

Acreditación da solvencia técnica (Art. 77 do TRLCSP). Acreditarase mediante:

Relación das principais subministracións semellantes ao obxecto do contrato, realizados no últimos cinco anos, indicando importe, datas e destinatario público ou privado dos mesmos. As subministracións realizadas acreditásense mediante certificados expedidos ou visados polo órgano competente cando o destinalo sexa unha entidade do Sector Público ou cando o destinatario sexa un comprador privado, mediante un certificado expedido por este ou, a falta deste certificado, mediante unha declaración do empresario. Así mesmo deberán achegar, polo menos, tres certificados de boa execución de subministracións similares ao obxecto do contrato.

Criterios de selección: O importe anual dos contratos relacionados, sumarán un importe mínimo igual ou superior o duplo do orzamento do contrato.

CONCELLO DE NARÓN
Praza de Galicia, s.n. · 15570 · Narón · A Coruña · CIF: P 1505500 G · Tel.: 981 337700 · Fax: 981337701 · www.naron.es

ANEXO III

COMPROMISO DE ADSCRICIÓN DE MEDIOS

Todos os licitadores, nacionais e estranxeiros, ademais de acreditar a súa solvencia ou, no seu caso clasificación, deberán acreditar o compromiso de adscrición dos seguintes medios, como criterio de solvencia, a efectos da admisión no procedemento de adxudicación do contrato:

Compromiso de adscrición de medios persoais:

.

.

.

Compromiso de adscrición de medios materiais:

.

.

.

Estes medios persoais e materiais formarán parte da proposta presentada polos licitadores e, por tanto, do contrato que se asine co adxudicatario. Por este motivo, deberán ser mantidos pola empresa adxudicataria durante todo o tempo de realización deste servizo. Calquera variación respecto deles deberá ser comunicada a esta Administración. O seu incumprimento poderá ser causa de:

☐ Resolución do contrato (artigo 223 f) TRLCSP)

☐ Imposición de penalidades segundo ANEXO nº X (artigo 212.1 TRLCSP)

CONCELLO DE NARÓN
Praza de Galicia, s.n. · 15570 · Narón · A Coruña · CIF: P 1505500 G · Tel.: 981 337700 · Fax: 981337701 · www.naron.es

ANEXO IV

SUBCONTRATACIÓN OBRIGATORIA

Os licitadores deberán achegar un compromiso de subcontratación para as seguientes partes do contrato:

PARTE DEL CONTRATO	HABILITACIÓN PROFESIONAL / CLASIFICACIÓN

CONCELLO DE NARÓN
Praza de Galicia, s.n. · 15570 · Narón · A Coruña · CIF: P 1505500 G · Tel.: 981 337700 · Fax: 981337701 · www.naron.es

ANEXO V

MODELO DECLARACIÓN DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA

D/Dna. _____ con enderezo en _____ CP _____, D.N.I. nº_____,teléfono_____ e-mail _____ en plena posesión da súa capacidade xurídica e de obrar, en nome propio (ou en representación de _____ con enderezo en.....CP....,teléfono.....,e D.N.I. ou C.I.F. (segundo se trate de persoa física ou xurídica) nº __, recibida a invitación para participar na contratación por procedemento negociado de _____ declaro:

a) Que a empresa á que representa cumpre as condicións esixidas legalmente e neste prego para contratar e que non se acha incursa en ningunha das prohibicións para contratar coa Administración, relacionadas no artigo 60 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público

b) Que se compromete a achegar os documentos acreditativos do cumprimento dos devanditos requisitos en calquera momento que así o solicite o órgano de contratación e en todo caso, no caso de que a proposta de adxudicación recaia ao seu favor, achegaraos con carácter previo á adxudicación.

c) Que en relación aos datos relativos a grupo empresarial a empresa á que representa:

SI se atopa nalgún dos supostos do art.42.1 do Código de Comercio.

NON se atopa nalgún dos supostos do art.42.1 do Código de Comercio.

En caso de resposta afirmativa:

NON concorre á adxudicación do contrato con empresas que, pertencentes ao mesmo grupo ou nas que concorran algún dos supostos alternativos establecidos no artigo 42.1 do Código de Comercio, presentan proposicións individuais.

SE concorre á adxudicación do contrato con empresas que, pertencentes ao mesmo grupo ou nas que concorran algún dos supostos alternativos establecidos no artigo 42.1 do Código de Comercio, presentan proposicións individuais.

d) Que manifesta que os datos para practicar nesta licitación toda clase de requirimentos, comunicacións e notificacións cos efectos xurídicos establecidos pola Lei, son os seguintes:

Persoa de contacto _____

Domicilio _____C.P _____

Poboación _____

Teléfono: _____ Nº Fax: _____ Dirección de correo electrónico: _____

En.....,a.....de.....de.201

Fdo. Selo da empresa

(En caso de UTE achegarase unha declaración responsable por cada membro da UTE e anexarase unha declaración de compromiso de constitución en UTE).

Data e sinatura.

CONCELLO DE NARÓN
Praza de Galicia, s.n. · 15570 · Narón · A Coruña · CIF: P 1505500 G · Tel.: 981 337700 · Fax: 981337701 · www.naron.es

ANEXO VI

MODELO DE OFERTA ECONÓMICA

D/Dna. _____ con enderezo en _____ CP _____, D.N.I. nº_____,teléfono_____ e-mail _____ en plena posesión da súa capacidade xurídica e de obrar, en nome propio (ou en representación de _____ con enderezo en.....CP....,teléfono.....,e D.N.I. ou C.I.F. (segundo se trate de persoa física ou xurídica) nº __, recibida a invitación para participar na contratación por procedemento negociado de _____ declaro:

1º) Que me comprometo á súa execución polo prezo que a continuación se oferta debendo entenderse comprendidos no prezo base referido todos os gastos, incluso os de transporte:

Concepto	Prezo (sen IVE)	% Baixa
Outros materiais non incluídos nos anexos I e II do PCT	---------	

2º) Que coñezo o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e demais documentación que ha de rexer o presente contrato, que expresamente asumo xa cato na súa totalidade.

3º) Que a empresa á que represento, cumpre con todos os requisitos e obrigacións esixidos pola normativa vixente para a súa apertura, instalación e funcionamento.

En.....,a.....de.....de 20....

FIRMA

CONCELLO DE NARÓN
Praza de Galicia, s.n. · 15570 · Narón · A Coruña · CIF: P 1505500 G · Tel.: 981 337700 · Fax: 981337701 · www.naron.es

ANEXO VII

ASPECTOS ECONÓMICOS E TÉCNICOS OBXECTO DE NEGOCIACÍON

Negociarase a baixa media dos prezos unitarios ofertados, adxudicándose o contrato á oferta máis baixa.

CONCELLO DE NARÓN
Praza de Galicia, s.n. · 15570 · Narón · A Coruña · CIF: P 1505500 G · Tel.: 981 337700 · Fax: 981337701 · www.naron.es

CONCELLO DE NARÓN
Praza de Galicia, s.n. · 15570 · Narón · A Coruña · CIF: P 1505500 G · Tel.: 981 337700 · Fax: 981337701 · www.naron.es